



**Ana María Cacharrón Castelos, secretaria xeral do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que, con data xoves 26 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

**“8. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: MELLORA E ASFALTADO DE CAMIÑOS CON AGLOMERADO ASFÁLTICO NAS PARROQUIAS DE MORUXO, OUCES, BERGONDO E GUÍSAMO (CONCELLO DE BERGONDO)-POS 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN. (Exp. 2018/C003/000013).**

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a proposta da Alcaldía que transcrita literalmente di:

**“Exp. 2017/C003/000013**

Visto o expediente tramitado para a contratación da obra de *Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo (Concello de Bergondo)*, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Pedro Zapata Roel, colexiado núm. 708, en febreiro de 2018, cun presuposto de execución por contrata de 307.729,13 euros, IVE incluído, obra incluída no Plan Provincial de Coperación ás obras e Servizos de competencia municipal POS + 2018, aprobado por Resolución da alcaldía núm. 171/2018, do 19.02.2018, e ratificado polo Pleno municipal en sesión ordinaria do 22.03.2018.

Vista a necesidade de acometer a citada obra, xa que o pavimentado de camiños atópase entre os servizos obrigatorios que debe prestar o concello ao abeiro do artigos 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, o que se xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido no artigo 116.4.e) da LCSP e segundo se indica no informe ao proxecto, apartado 10, sobre a xustificación da necesidade e idoneidade, asinado polo arquitecto técnico municipal o 11.12.2017.

Neste expediente, a contratación destas obras faina o Concello por delegación da Deputación, resultando de aplicación, segundo as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2018 (BOP núm. 188 do 03.10.2017), e o Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas no plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP nº 124 do 02.07.2018.

Visto que o prazo para adxudicar esta obra é ata o 30 de novembro de 2018 e que o investimento deberá quedar totalmente executado antes do 30 de novembro de 2019, segundo o contido da Circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de concellos) 2018, notificada telematicamente ao Concello.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 11.12.2018. Vistos os informes de secretaría do 20.07.2018 e de intervención de 23.07.2018.

Constando todos os documentos preceptivos, e considerando que a competencia para contratar é da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía-Presidencia, efectuada por Resolución nº 693/2015, do 2 de xullo, toda vez que a



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

competencia orixinaria corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional da LCSP, unha vez examinado o expediente, **propono á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Declarar o expediente de contratación ordinario e consonte co artigo 117 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2018. Exp. 2017/C003/000013.

SEGUNDO. Declarar o procedemento aberto simplificado, con multiplicidade de criterios de adjudicación, mediante fórmulas, consonte co disposto nos artigos 145.1 e 159.1 da LCSP.

TERCEIRO. Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas no plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP nº 124 do 02.07.2018 e aprobar o Cadro de características do contrato.

CUARTO. Autorizar o gasto por importe de 307.729,13 euros, IVE incluído, con cargo a aplicación presupostaria 454/619.00 do Orzamento municipal para 2018.

QUINTO. Dispoñer a apertura da fase de licitación, segundo o procedemento establecido nos propios pregos, procedendo á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

Bergondo, na data que figura na marxe. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

Os/as asistentes, tralo exame do expediente, e despois da correspondente deliberación, aproban por unanimidade a proposta que devén en acordo nos termos nos que se acaba de transcribir.”

E para que conste, expido a presente certificación, coa salvidade do artigo 206 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde e co visto e prace da alcaldesa.

Bergondo, na data indicada na marxe.

A secretaria

Ana María Cacharrón Castelos

Vº. Prace.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez